

Folerpa

Coma unha folerpa indefensa,

que coa mínima rozadura podería chegar á súa fin.

Coma unha folerpa indefensa,

que procura unha cúpula que lle poida servir de armazón.

Coma unha folerpa indefensa,

que non destaca arredor dos outros ao seu carón.

Coma unha folerpa indefensa,

que sen saber por que está a caer do ceo, cae sen protección.

Coma unha folerpa indefensa,

que ve a alguén acercarse a ela e pensa que todo xa estará arranxado.

Coma unha folerpa indefensa,

que crendo que iría ben, remata rompéndose en anacos aínda menos pesados.

Coma unha folerpa indefensa,

que arriba ao seu destino desfeita, sen ser quen era.

Coma unha folerpa indefensa,

que enfeitizada pola quentura dunha luz, só se deixa levar por ela.

Coma unha folerpa indefensa...

ASÍ

NAVEGO

EU